

## PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MAIS VENTAXOSA VARIOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS.

### 1.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato é a contratación dos servizos de asesoramento profesional, promoción e mediación en operacións de seguro, en calquera das súas fases – preparatoria e de seguimento -, así como a posterior asistencia ao tomador dos seguros, asegurados e aos beneficiarios.

### 2.- PRESTACIÓN DO SERVIZO

#### a) Descrición

O obxecto do contrato que se formalice co adxudicatario comprenderá o asesoramento técnico especializado para:

- A cobertura e xestión dos riscos que afecten ás Entidades Locais.
- A adecuación dos riscos ás pólizas que se contraten.
- A posterior asistencia en tramitación de incidencias, reclamacións e danos que se produzan durante a súa vixencia.

#### b) Contido dos servizos obxecto do contrato.

O servizo que o adxudicatario porá a disposición das Entidades Locais unha vez adxudicado o correspondente contrato, comprenderá as seguintes prestacións:

- Riscos derivados da responsabilidade civil e/ou patrimonial en que poida incorrer o concello, así como a responsabilidade civil e/ou patrimonial derivada da actuación das autoridades, o persoal ao seu servizo, e que no exercicio da súa actividade poidan ocasionar danos a terceiros ou a cousas.
- Riscos patrimoniais (continente e contenido) de bens inmobles e mobles que integran o patrimonio do concello, incluídas as instalacións, os equipos electrónicos, científicos e informáticos e o seu patrimonio artístico.
- Riscos pessoais referidos a accidentes, a vida, a saúde, a asistencia sanitaria, etc. do personal.
- Riscos derivados da responsabilidade profesional dos traballadores municipais
- Riscos patrimoniais, pessoais e de responsabilidade civil derivados do uso de vehículos de motor que forman parte do parque móbil da Entidade Local.
- Aqueles outros grupos de risco noutros ramos nos supostos que o concello estea interesado.

O servizo de asesoramento inclúe, de acordo cas obrigas que corresponden aos corredores de seguros, de acordo coa Lei 26/2006, de 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, o desenvolvemento das seguintes actuacións:

- x Estudio previo das pólizas existentes.
- x Servizos preparatorios para a celebración dos posibles contratos de seguros.
- x Servizos de seguimento posteriores á celebración dos contratos de seguros.

### **b.1) Estudio Previo**

Consiste na elaboración dun estudio de pólizas contratadas polo concello. Os parámetros a analizar das pólizas vixentes como mínimo serán:

- Análises das coberturas recollidas nestes contratos
- Análises dos límites de indemnización
- Análises do resultado da póliza (volumen de siniestrabilidade)
- Análises detallado das exclusións existentes nos diferentes contratos
- Análises de posibles duplicidades de seguros.

Á vista do resultado do estudio descrito no apartado anterior, os adxudicatarios deberán elaborar un Plan de seguros con definición, análises e avaliación das necesidades de seguro que precisa a Entidade Local, propoñendo as solucións máis adecuadas para a minimización e control dos riscos e cuantificación económica dos mesmos e as solucións propostas.

### **b.2) Servizos preparatorios para a celebración dos posibles contratos de seguros.**

Os servizos preparatorios no asesoramento aos órganos competentes para a contratación de seguro ou seguros obxecto de mediación, consistirá en:

- O ofrecemento da cobertura que, de acordo co seu criterio profesional e as prescricións sinaladas nos pregos, mellor se adapte ás condicións e intereses ao órgano contratante.
- O asesoramento na elaboración dos Pregos de Prescricións Técnicas para a contratación de seguros con entidades aseguradoras, nos cales incluíranse as condicións dos contratos de seguros que se vaian a subscribir.
- Asesoramento técnico das condicións dos contratos dos seguros que se vaian a subscribir, velando pola concorrencia dos requisitos que deben reunir as pólizas de seguros para a súa plenitude de efectos.
- O asesoramento técnico que, no seu caso, solicite a Mesa de Contratación para a valoración de ofertas a efectos da adxudicación dos contratos de seguros e incluso, no seu caso, para as prórrogas dos contratos de seguros formalizados.
- Asesoramento profesional para a preparación dos contratos de seguros e para a adxudicación dos contratos ás ofertas realizadas polos adxudicatarios.
- Propoñer a contratación de novos seguros cando sexa necesario, en función das necesidades da Entidade Local.
- Presentación, tres meses antes do remate da vixencia da póliza, dun informe técnico que conteña unha valoración motivada da conveniencia ou non de prorrogar, si procede, o contrato.

### **b.3) Servizos de seguimento posteriores á celebración dos contratos de seguros**

Estes servizos consisten na asistencia posterior, especialmente en materia de sinistros, ao tomador do seguro, aos asegurados e aos beneficiarios, no suposto de que se formalizase os contratos de seguros. E concretamente:

- Administración e xestión
- Asistencia para a execución dos contratos de seguros: tramitación de incidentes, reclamacións ou danos que se poidan presentar ou producir durante a vixencia do contrato.
- Control do desenvolvemento dos contratos de seguros, consistente no asesoramento continuo no seguimento e análises dos riscos, ao obxecto de

conseguir melloras nas condicións técnicas económicas contratadas.

- Investigación e análise permanente das diferentes alternativas do mercado asegurador, mantemento dunha información continuada das mesmas.
- Presentación, 3 meses antes da finalización da vixencia da póliza dun informe técnico que conteña unha valoración motivada da conveniencia ou non de prorrogar, si procede, o contrato.
- Asistencia xurídica tanto en vía administrativa/precontenciosa como en xudicial (sempre que se inclúa nas ofertas presentadas)

A asistencia xurídica en vía administrativa comprenderá o asesoramento ao concello para a elaboración dos eventuais recursos que poidan suscitarse ata o esgotamento da vía administrativa ou durante vía precontenciosa en relación cas reclamacións formuladas.

A asistencia xurídica en vía contenciosa comprenderá o asesoramento para a elaboración dos distintos escritos procesuais. En ningún caso comprenderá a dirección letrada dos procedementos nin a representación dos mesmos.

### **3.- FORMA E PRAZOS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO**

O estudo, mediación, asesoramento e, en xeral, todo aquilo que comprende o obxecto e contido do presente contrato, efectuarase polo persoal competente e na forma e prazos esixidos polo principio do bo facer profesional, de forma que, unha vez recibido o correspondente encargo ou notificación dende o órgano de contratación interesado, se inicien inmediatamente as actuacións precisas ante as entidades aseguradoras, cuidando de traer a bo fin os contratos de seguros e observando a máxima dilixencia.

O asesoramento na valoración de ofertas en orden á adxudicación dos contratos de seguros, e no seu caso, nas prórrogas desenvolverase no prazo establecido pola Mesa de Contratación correspondente, en función da complexidade do contrato; prazo que se contará a partir da entrega por parte do órgano contratante ao adxudicatario da documentación técnica e económica presentada polos licitadores. Este asesoramento plasmarase nun informe, no que se considerará en todo caso os criterios obxectivos de adxudicación que se estableceran no PCAP polo que se rexe o contrato do seguro a celebrar.

### **4.- OBRIGAS DO CONTRATISTA**

O adxudicatario, ademais do establecido na cláusula segunda e terceira do presente prego, queda obrigado a:

a) Desenvolver as actividades tendentes á identificación, avaliación e diminución dos riscos amparados polos contratos de seguros subscritos e que se subscriban. Para elo deberá desenvolver as seguintes actividades:

- A identificación e avaliación do risco e servizos a prestar para a diminución do risco.
  - A execución dos seguintes programas:
  - Deseño e elaboración do sistema ou procedemento operativo para a xestión e tramitación das reclamacións e sinistros.
- Deseño e elaboración das estadísticas para o seguimento da siniestrabilidade, para o que deberá dispor dun programa informático que posibilite a súa xestión.

b) O adxudicatario queda obrigado a aportar, para o desenvolvemento das

prestacións, o equipo humano y medios auxiliares precisos para a boa execución do contrato. A tales efectos deberá aportar como mínimo os medios humanos adecuados para a prestación do servizo.

c) Todos os traballos desenvolvidos para o bo fin do presente contrato terán carácter confidencial, non podendo o adxudicatario utilizar para si nin proporcionar a terceiros datos ou información algunha dos traballos contratados sin autorización escrita do concello, estando obrigado a por todos os medios ao seu alcance para conservar o carácter confidencial e reservado, tanto da información e documentación recibida da Entidade Local, como dos resultados obtidos do traballo desenvolvido.

d) Todos os dereitos de propiedade intelectual e copyright, que se poidan derivar de ditos traballos serán de propiedade exclusiva do concello obrigándose as partes a otorar o documento oportuno cando este sexa necesario dos danos e perxuizos que se deriven do incumprimento desta obrigación.

e) O adxudicatario deberá prestar asesoramento continuo por técnicos especializados no seguimento e análises de riscos, ao obxecto de conseguir melloras nas condicións técnicas e económicas contratadas.

f) O adxudicatario deberá seguir toda a siniestrabilidade ocorrida, no ámbito do contrato ou contratos de seguros obxecto da mediación, de acordo co seguinte:

- O adxudicatario será informado dos siniestros acontecidos, e inmediatamente os comunicará a/as entidade/s aseguradora/s, recabando a información que precise tanto por parte dos siniestrados como por parte de dita entidade.
- Trimestralmente (do día 1 ao 15 do mes que corresponda), o adxudicatario deberá presentar ao órgano xestor correspondente do concello, os datos referentes aos sinistros declarados, pechados e pendentes do período en cuestión, así como calquera modificación que puidese haber nos mesmos.
- Poderase convocar sesións de traballo a instancia do concello para o tratamento dos sinistros onde o asegurador manifestase por escrito a carencia parcial ou total de cobertura, e o concello no estea de acordo cos motivos do rechazo. Tamén para o tratamento de sinistros que pola súa natureza merecen especial atención e coidado (alto importe reclamado, pluralidade de perxudicados, sinistros repetitivos, ... etc)

g) O adxudicatario deberá proporcionar a seguinte información:

- Semestralmente (do día 1 ao 15 do mes que corresponda), confeccionará e entregará aos responsables do concello, informes nos que se reflicta a situación dos contratos de seguros subscritos e as súas incidencias.
- Trimestralmente (do día 1 ao 15 do mes que corresponda), confeccionará e entregará as persoas/s responsable/s da xestión dos contratos de seguros os informes nos que se reflicta a situación dos contratos de seguros subscritos e as súas incidencias.
- Confeccionará e entregará as persoas responsables da xestión dos contratos de seguros informes puntuais sobre algunha cuestión concreta, a petición de estes e no prazo que lles sexan requiridos.
- Confeccionará e entregará ao órgano de contratación do concello, un informe anual sobre os resultados obtidos na anualidade de vixencia do contrato de mediación e en cada unha das súas prórrogas, no seu caso, nun prazo de tres meses a partir do vencemento de cada período.
- Facilitará aos responsables das diferentes pólizas contratadas, detalle da relación de altas e baixas cos correspondentes custes de cada unha das pólizas contratadas coa súa intermediación, entregando as pólizas debidamente revisadas e os recibos emitidos polas compañías aseguradoras, como máximo nun prazo de setenta e dúas horas a partir da súa emisión.

h) Durante a vixencia do contrato, o adxudicatario terá a exclusividade na mediación de todos os seguros que se contraten pola Entidade Local.

i) O adxudicatario deberá asumir a continuidade das xestións da/s póliza/s e expedientes de sinistros e reclamacións correspondentes ao anterior corredor.

k) Ao remate da prestación, o adxudicatario do presente contrato deberá entregar ao posterior adxudicatario si o houberse, toda a documentación con informe detallado sobre o estado da tramitación da/s póliza/s e expedientes de sinistros e reclamacións que se estivesen levando a cabo, facilitando o traspaso e a continuidade dos servizos obxecto do contrato de medicación.

#### **5.- EQUIPO DE TRABAJO**

O adxudicatario está obrigado a adscribir á execución do contrato os medios humanos e técnicos que determina na súa oferta.

Atendendo o carácter de obrigación esencial que ten o equipo humano adscrito ao contrato, no suposto de que se produza calquera modificación da plantilla, esta modificación terase que comunicar ao órgano de contratación, que o terá que aceptar expresamente.

#### **6.- COLABORACIÓN**

O concello facilitará ao adxudicatario a documentación que resulte necesaria para a execución do contrato. Esta información terá carácter reservado, quedando prohibida a súa divulgación a terceiros.